



Toquiña arredor do mundo – PDI CEIP PLURILINGÜE DE TOQUES.



Unha proposta de proxecto documental integrado en infantil e primaria sobre unha viaxe arredor do mundo, a contaminación mariña e os microplásticos, os ecosistemas terrestres e a importancia dos insectos, a meteoroloxía e o espazo, o traballo cos ODS e a economía circular e empresas como eixes dun PDI desenvolto ao longo dos últimos 3 cursos escolares.

O noso é un centro rural situado na localidade de Toques (A Coruña), un pobo de non máis de 1.100 habitantes. O noso alumando atópase agrupado en 2 grupos mixtos de 3 niveles educativos en Primaria e 1 grupo mixto de Infantil.

Este feito fai que a nosa realidade diste moito da de outro tipo de centros, o que, inevitablemente, nos leva a ter que adaptarnos e a buscar novas alternativas para poder atender a diversidade da aula, motivar ao alumnado e acadar pouco a pouco o desenvolvemento das súas competencias clave e desenvolvemento persoal.

Cales son os nosos obxectivos xerais?

- Desenvolver as competencias clave do noso alumnado dun xeito global e integrado e fomentar a súa alfabetización documental.
- Mellorar a convivencia no centro e dotar de ferramentas para a resolución de conflitos, traballo en equipo e cooperación na resolución de retos e fomentar a inclusión, atención e autoestima do alumnado NEE e NEAE.
- Concienciar á totalidade da comunidade educativa do impacto das nosas accións no medio e dar a coñecer e traballar os ODS.
- Vincular e unificar todos os proxectos do centro (EDIXGAL, Polos Creativos, Contratos Programa, Plans Proxecta, Digicraft, PLAMBE).

Como desenvolvemos o proxecto?

A metodoloxía que empregamos é ecléctica, predominando a metodoloxía ABP, aprendizaxe baseada en proxectos, na que o alumnado traballa contidos curriculares e desenvolve as súas competencias traballando nas diferentes actividades propostas no PDI, a través da investigación, busca e tratamento da información, elaborando os produtos finais, e no que empregamos en todo momento unha avaliación formativa.

Que tipo de actividades realizamos?

Traballar coa escala métrica en Matemáticas, creación de maquetas en Plástica, traballo con planos en Ciencias Sociais e as enerxías en Ciencias Naturais, para finalmente construír unha casa sostible con materiais de refugallo nas que traballamos transversalmente os contidos de todas esas materias.

Produtos finais e avaliación

Todas as actividades desenvoltas ao longo do curso están encamiñadas á adquisición dos contidos, o desenvolvemento das competencias clave, a inclusión, pero tamén a plasmar o traballo nun produto final que permita valorar a consecución dos obxectivos propostos. Neste proxecto a 3 cursos escolares elaboráronse diferentes produtos finais:

- Revista medio ambiental “Toquiña e o mundo que nos rodea” (adaptando a temática ao proxecto de cada curso).
- Documentais e Podcast recopilando o traballo realizado e a información de cada investigación para compartir coa comunidade educativa.
- Converter o centro nun museo onde as familias poden gozar dunha exposición da man do alumnado ao remate de cada curso escolar, na que se pon en valía todo o aprendido e todo o traballo realizado durante cada curso escolar co alumnado. Neste museo expoñemos todos os traballos creativos, dixitais, actividades e/ou obradoiros, videos mediante códigos QR facendo do museo un lugar interactivo para os/as visitantes e fomentando a competencia oral do alumnado e expositiva.



Documental:
Eco-documental e
Museo 2022



Revista 2022
Ecosistemas
mariños
e
microplásticos



Revista
Toquiña arredor
do mundo



Calendario
ODS



Documental
2023
Insectos e
ecosistemas
terrestres



Stop Motion
2023